

COMO SE FIXO A BANDEIRA DE GALICIA

Ola, hoxe vou a ser a vosa narradora, Mariña e vouvos contar unha historia de como creo que se fixo a bandeira de Galicia. Comezamos?

Érase unha vez no mundo das letras había dous vilas a vila Uzais e a vila Acbron, a vila Uzais a lideraba o líder Iro e a vila Acbron a lideraba Alnogaid.

Un día eses dous líderes quedaron para falar e dixeron que todos os seus veciños tiñan unha bandeira e eles non. Entón foron por todas as casas a preguntarlle a os cidadáns como querían que fose a súa bandeira e eles responderon que lles daba igual como fose a bandeira, ata que chegaron a última casa, a casa de Nohim, Nohim era unha anciá duns 110 anos, vestía cun pixama verde e unhas zapatillas rosas. Nohim díxolles que ela o que faría sería ordenar, as letras dos nomes, das vilas e as letras, dos seus nomes. Entón déronse conta de que a vila Uzais se ordenaban as letras dicía azuis, da vila Acbron dicía branco, do líder Iro dicía río e do líder Alnogaid dicía diagonal. Despois xuntaron eses nomes e así formaron a bandeira de Galicia, pero déronse conta de que tamén necesitaban un himno entón foron a falar coa anciá Nohim e as primeiras palabras que ela dixo foron:

Que din os rumorosos?

E así fixeron o himno galego.

Un dato curioso é que o himno galego é o único himno que comeza por unha pregunta.



Feito por: Mariña Pin Villar. 1ºD Nosa Señora Dos Ollos Grandes.